

MEMORIA ECONÓMICA

EXERCICIO 2011

UNIVERSIDADE DE VIGO

TÁBOA DE CONTIDO

Presentación.....	3
I. Execución do Orzamento.....	4
I.1 Créditos iniciais, Modificacións de crédito e Créditos finais.....	4
Orzamento de Ingresos.....	4
Orzamento de Gastos	5
I.2 Execución do orzamento.....	7
Grao de Execución do Orzamento de Ingresos	9
Grao de Execución do Orzamento de Gastos.....	10
Comparación dos Ingresos respecto do Ano anterior.....	12
Comparación dos Gastos respecto do Ano anterior	14
I.3 Operacións de exercicios pechados.....	17
I.4 Remanente de Tesourería.....	18
II. Operacións extra-orzamentarias	20
II.1 Debedores extra-orzamentarios	20
II.2 Acredores extra-orzamentarios	21
III. Situación económico-patrimonial.....	22
III.1 Resultado económico patrimonial e resultado orzamentario do exercicio	22
III.2 Balance de situación.....	23
IV. Situación de Tesourería.....	25
V. Indicadores.....	27
V.1 Indicadores financeiros e patrimoniais	27
V.2 Indicadores orzamentarios.....	28
VI. Resumos das contas anuais de entidades participadas	31
VI.1 Cidade Universitaria, S.A. (CUSA)	31
VI.2 Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI)	33
VI.3 Fundación Universidade de Vigo (FUVI).....	34
VII. Da Contratación Administrativa	36

PRESENTACIÓN

Coa **Memoria Económica** a Universidade informa á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade do grao de cumprimento do seu orzamento, dos resultados económicos obtidos durante o exercicio e da situación patrimonial da Universidade.

Este documento pretende dar unha visión resumida, co obxectivo de que sexa comprensible por persoas non técnicas na materia orzamentaria e contable. A información detallada empregada para a elaboración deste informe atópase na Secretaría Xeral, na Vicerreitoría de Economía e Planificación, na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, na Vicerreitoría do Campus de Ourense e na Xerencia - Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.

Na meta estratéxica 6ª do Plan Estratéxico 2008-2012 da Universidade de Vigo establécese que a universidade está “comprometida coa igualdade, cunha cultura organizativa vertebradora e con sistemas de xestión flexibles e eficaces”, e especificamente na súa Liña Estratéxica 6.5 establécese como obxectivo: “reforzar a xestión económica baseada nos compromisos orzamentarios aprobados polos órganos de goberno e nas normas de execución e control do gasto”. A elaboración deste documento enmárcase no obxectivo de “mellora da xestión económico-financeira” establecida no Plan Operativo de Xestión 2008-2012 no seu eixe de MODERNIZACIÓN E CALIDADE. Para a consecución deste obxectivo dispónse como actuación o deseño e establecemento dun “sistema de rendición de contas que mellore o actual de cara ao seu aliñamento coas estratexias da Universidade e unha maior eficacia na súa execución”.

Ofrecendo unha información obxectiva, concisa, clara e nunha linguaxe comprensible da actuación económico-financeira da Universidade de Vigo, preténdese que o principio de transparencia na xestión sexa unha conducta real da institución, dirixido a garantir o esforzo colectivo nos obxectivos da institución e un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

I. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

I. 1. CRÉDITOS INICIAIS, MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS E CRÉDITOS FINAIS

O orzamento da Universidade de Vigo recolle de partida as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a Universidade, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio, reflicte pois, o conxunto de gastos que se pretenden realizar durante o exercicio económico e o detalle de ingresos que se prevén obter para o seu financiamento.

1.1.1. Orzamento de Ingresos

O orzamento inicial do exercicio 2011 foi aprobado por un importe de 167.903.853 €, un 4,60% menos que o do exercicio precedente. Salientar, tal e como se reflitiu na presentacion do orzamento, os seguintes aspectos:

- O peso no novo plano de financiamento do Sistema Universitario Galego na estrutura do orzamento de ingresos da Universidade neste primeiro ano da súa aplicación práctica.
- A significacion das achegas obtidas a través do proxecto Campus do Mar, que acadan ata os 6.262 m€ posicionados no capítulo IX.
- A diminución nun 29,38% do importe consignado no capítulo VIII con respecto ao exercizo precedente.

Na primeira columna do cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2011.

Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2011 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.494.000	482.652	15.976.652
IV. Transferencias e subvencións correntes	104.773.702	548.934	105.322.636
V. Ingresos patrimoniais	282.000	1.820	283.820
OPERACIONES CORRENTES	120.549.702	1.033.406	121.583.108
VII.-Transferencias e subvencións de capital	25.820.764	553.457	26.374.221
OPERACIÓN DE CAPITAL	25.820.764	553.457	26.374.221
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	146.370.466	1.586.863	147.957.329
VIII. Variación de activos financeiros	15.271.575	13.731.512	29.003.087
IX. Variación de pasivos financeiros	6.261.812	-812.325	5.449.487

OPERACIÓNS FINANCEIRAS	21.533.387	12.919.187	34.452.574
TOTAL	167.903.853	14.506.050	182.409.903

Tal e como se aprecia no cadro, ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 14.506.050 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas. Na terceira columna se reflicten os créditos definitivos, resultado de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito, e que supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 182.409.903€.

Esta última cifra supón un incremento dun 8,64% sobre a cifra inicialmente orzamentada (catro puntos porcentuais menos que no exercizo precedente).

A partida máis importante dentro das modificacións é a referida á variación de activos financeiros, que inclúe entre outros a incorporación de remanentes procedentes do exercicio 2010. Os 13.732 m€ contemplados implican unha minoración, neste apartado, de 6,22 millóns de euros con respecto ao exercicio precedente.

1.1.2. Orzamento de Gastos

O orzamento de gastos apróbase e liquídase formalmente en equilibrio, polo tanto o orzamento definitivo de gastos é idéntico ao de ingresos, acadando a cifra de 182.409.903€, un 8,17% menos que no exercizo precedente. No cadro 2 se recollen os créditos iniciais, as modificacións e os créditos definitivos.

Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2011 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	94.823.000	75.687	94.898.687
II. Gastos correntes en bens e servizos	24.581.036	2.917.133	27.498.169
III. Gastos financeiros	50.000	200.000	250.000
IV. Transferencias correntes	7.155.659	1.810.465	8.966.124
V. Fondo de continxencia	600.000	-572.965	27.035
OPERACIÓNS CORRENTES	127.209.695	4.430.320	131.640.015
VI. Investimentos reais	38.214.158	9.462.558	47.676.716

VII. Transferencias de capital	0	393.172	393.172
OPERACIÓN DE CAPITAL	38.214.158	9.855.730	48.069.888
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	165.423.853	14.286.050	179.709.903
VIII. Activos financeiros	50.000	0	50.000
IX. Pasivos financeiros	2.430.000	220.000	2.650.000
OPERACIÓN FINANCEIRAS	2.480.000	220.000	2.700.000
TOTAL	167.903.853	14.506.050	182.409.903

As modificacións de crédito realizadas poden agruparse en tres grandes bloques:

a) Xeracións de crédito por ingresos.

Estas modificacións son consecuencia da achega á universidade de maior importe de ingresos ca os orzamentados –inicialmente estimados-, ou ben de ingresos que non estaban orzamentados e que foron acadados para actuacións específicas. Entre estas xeracións podemos incluír o financiamento acadado para congresos ou outras actividades de investigación, cursos de formación, maior recadación por matrículas, etc. O importe destas modificacións no exercicio 2011 foi de 1.388.059€ (por 2.676.773 € no exercizo precedente).

b) Incorporacións de remanentes.

O importe das incorporacións de remanente de crédito acadou un total de 13.117.991€ (por 19.956.478 € no exercizo precedente), que é o resultado da incorporación de remanentes específicos (proxectos de investigación, departamentos, compromisos que non acadaron a fase O e ingresos específicos, etc.) e dos expedientes de ampliacións de crédito procedentes do remanente de libre disposición aprobadas polo Consello de Goberno.

c) Transferencias de crédito.

Pola súa propia definición as transferencias de crédito son unha suma cero, xa que son traspasos de crédito dunha aplicación orzamentaria a outra, polo tanto o que supón un incremento de crédito na aplicación que recibe, implica unha diminución polo mesmo importe na que transfire. O importe das transferencias de crédito foi de 5.702.449€ (por 1.646.826 € no exercizo precedente).

No Cadro 3 amósase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período 2007 a 2011. Resaltar que neste exercicio consolídase a redución do volume das modificacións orzamentarias.

Cabe salientar a baixada no importe das incorporacións de remanentes, produto dunha mellor especialización temporal dos créditos orzamentarios. Este último aspecto convírtese nunha necesidade prioritaria, ao ter que aplicar o modelo do Sistema Europeo de Contas no cómputo do deficit e na rendición de contas perante a Consellería de Facenda.

Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2007-2011 (€)

	2007	2008	2009	2010	2011
Orzamento inicial	152.435.357	174.183.672	182.217.836	176.000.320	167.903.853
Modificacións orzamentarias	37.418.932	33.368.862	21.932.355	22.633.252	14.506.050
<i>Xeracións de crédito</i>	<i>14.548.697</i>	<i>5.906.409</i>	<i>2.516.699</i>	<i>2.676.773</i>	<i>1.388.059</i>
<i>Incorporacións de remanentes</i>	<i>22.870.236</i>	<i>28.272.453</i>	<i>19.415.656</i>	<i>19.956.478</i>	<i>13.117.991</i>
<i>Tranferencias de crédito</i>	<i>19.727.518</i>	<i>20.463.717</i>	<i>581.725</i>	<i>1.646.826</i>	<i>5.702.449</i>
Orzamento definitivo	189.854.289	207.552.534	204.150.191	198.633.572	182.409.903

O volume de modificacións orzamentarias deberá seguir a diminuír nos próximos exercicios, como produto da contínua introdución de novas medidas cara ao axuste continuo do modelo de xestión económico-orzamentaria da Universidade.

I.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O apartado anterior permitiu coñecer o orzamento definitivo da Universidade de Vigo, engadindo ás previsións iniciais as modificacións realizadas ao longo do exercicio. Neste apartado determinarase o grao de cumprimento do orzamento. Para isto cómpre cuantificar os dereitos e as obrigas recoñecidas así como o resultado orzamentario.

Os **dereitos recoñecidos** netos son os créditos existentes a favor da Universidade de Vigo, que poden estar xa recadados, ou ben recoñecidos e pendentes de cobro, segundo o principio de devengo utilizado na contabilidade do orzamento de ingresos. Como se observa no Cadro 5, os dereitos recoñecidos netos -sen remanentes de tesourería-, ascenderon en 2011 a 155.204 m€ €, destes se recadaron durante o ano 138.785m€, o 89,42%, quedando pendentes de cobro a 31 de decembro de 2011 un importe de 16.419m€ €. Con este datos pódese dicir que se consolida no exercicio a mellora na xestión dos ingresos.

As **obrigas contraídas** netas son as contraídas pola Universidade de Vigo como consecuencia da realización de gastos correntes ou de capital e, como pode comprobarse no cadro 7, ascenderon en 2011 a

154.661 m€, estando tódolos pagos satisfeitos a 30 de decembro. No proceso de peche de exercicio orzamentario se mantiveron, con carácter xeral -agás pequenos axustes técnicos relacionados coa xestión do IVE-, as datas para a realización das diferentes operacións empregadas en exercicios anteriores, pechándose definitivamente o exercicio a 31 de decembro de 2011.

Outro concepto importante é o **resultado orzamentario**, que se conceptúa como a diferenza entre a totalidade dos dereitos recoñecidos netos durante o exercicio e a totalidade das obrigas recoñecidas netas do mesmo exercicio. No exercicio 2011 o resultado orzamentario acadou a cifra de **543.289€** (no exercicio anterior a cifra acadou os (-) 11.811.821€), polo que podemos falar dunha importante mellora nos resultados da universidade, consonte o planificado inicialmente.

Se ao saldo orzamentario lle sumamos os créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería e aos demais axustes relacionados coas desviacións positivas e negativas do financiamento, que acadan a cifra de 29.234.337€, obtense o **resultado orzamentario axustado do exercicio**, que no 2011 ascendeu á cantidade de **29.777.625€** (no exercicio 2010 foi de 29.768.242€).

No cadro 4 recóllense todos estes datos.

Cadro 4. Resultado orzamentario. Ano 2011 (€)

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado Orzamentario
1. (+) Operacións non financeiras	149.713.191	151.966.478		-2.253.287
2. (+) Operacións con activos financeiros	5.490.756	2.694.180		2.796.576
I. Resultado orzamentario do exercicio (1+2)	155.203.947	154.660.658		543.289
Axustes (creéditos gastados con cargo a remanentes de tesourería non afectados e desviacións negativas e positivas de financiamento)			29.234.337	
II. Resultado orzamentario axustado				29.777.625

Como se pode comprobar, a imaxe final do exercicio é congruente coa planificación do orzamento 2011. Nesta, unha vez confirmada o alcance e a profundidade da crise económica na que estamos inmersos, fixéronse importantes esforzos por manter as liñas clave da política universitaria definida polo equipo de goberno, ao tempo que se incidiu nos procesos de reequilibrio e de axuste dos gastos aos ingresos.

Para coñecer o grao de execución do orzamento de ingresos debemos comparar os dereitos recoñecidos cos créditos definitivos consignados no orzamento. De xeito análogo, para coñecer o grao de execución do orzamento de gastos, debemos comparar as obrigas recoñecidas cos créditos definitivos consignados no orzamento. Nos cadros 5 e 7 realízase esta comparación, figurando na última columna dos mesmos o grao de execución correspondente.

1.2.1. Grao de execución do Orzamento de Ingresos

Os dereitos recoñecidos netos ascenderon a 155.203.947 €, que postos en relación co orzamento definitivo sen remanentes de tesourería incorporados que é de 153.406.814 €, dá un grao de execución do orzamento de ingresos dun 101,17%. Isto ven significar que se recoñeceron máis dereitos que os previstos no orzamento definitivo da universidade. A continuación, e seguindo cos datos indicados no quadro 5, vese como foi o grao de execución polos distintos capítulos de ingresos.

Nos ingresos correntes o grao de execución foi axeitado, acadando un 100,22%. Debe salientarse o comportamento positivo das taxas, prezos públicos e outros ingresos, cun grao de execución dun 101,98%, ligado á unha recadación por estes conceptos maior ca prevista, e dos ingresos patrimoniais, ligado as melloras, introducidas no exercicio, na xestión das puntas de tesourería.

Nas operacións de capital (transferencias e subvencións de capital) o grao de execución tamén é alto acadando un 105,66%, ligado a un maior éxito do inicialmente previsto nas actividades asociadas á investigación básica, tanto institucionais, como dos grupos da universidade, e á transferencia da investigación.

O grao de execución do orzamento de ingresos non financeiros da universidade foi dun 101,19%. Ao sumar as operacións financeiras, correspondentes ás variacións de activos e pasivos financeiros, acádase o grao de execución do 101,17% sen ter en conta os remanentes de tesourería.

Estes datos confirman a rigorosidade e prudencia empregada na confección da estimación de ingresos para o exercicio.

Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da Universidade de Vigo. Ano 2011 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Dereitos recoñecidos	Grado de Execución
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.976.652	16.293.611	101,98%
IV. Transferencias e subvencións correntes	105.322.636	105.122.744	99,81%
V. Ingresos patrimoniais	283.820	431.450	152,02%
OPERACIONES CORRENTES	121.583.108	121.847.805	100,22%
VII.-Transferencias e subvencións de capital	26.374.221	27.865.761	105,66%
OPERACIONES DE CAPITAL	26.374.221	27.865.761	105,66%
OPERACIONES NON FINANCEIRAS	147.957.329	149.713.191	101,19%
VIII. Variación de activos financeiros (sen remanentes de tesourería)	0	41.269	--
IX. Variación de pasivos financeiros	5.449.487	5.449.487	--
OPERACIONES FINANCEIRAS	5.449.487	5.490.756	--
TOTAL (sen remanentes de tesourería)	153.406.816	155.203.947	101,17%
VIII. Variación de activos financeiros (so remanentes de tesourería)	29.003.087	--	--
TOTAL	182.409.903	--	--

Na lectura da información contida no cadro 6 “Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2007-2011” apréciase que no ano 2011 consolídase o marco establecido no exercizo 2010, no que se producira unha significativa caída dos ingresos, ao tempo que se introduce neste exercicio un cambio no emprego de remanentes de libre disposición, cunha caída salientable do peso dos mesmos. Por outra banda, o nivel de execución do orzamento, sen remanentes, segue a manterse en un bo nivel ao superar o 100%.

Cadro 6. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2007-2011 (€)

	2007	2008	2009	2010	2011
Dereitos recoñecidos (A)	152.404.109	168.846.902	176.923.253	157.969.204	155.204.322
Orzamento definitivo (B)	189.854.289	207.552.534	204.150.190	198.633.572	182.409.903
% de execución	80,27%	81,35%	86,66%	79,53%	85,09%
Orzamento definitivo (agás remanentes) (B)	151.698.552	166.894.747	165.760.600	157.053.508	153.406.816
% de execución	100,50%	101,20%	106,73%	100,58%	101,17%

1.2.2. Grao de execución do Orzamento de Gastos

No que se refire ao grao de execución do orzamento de gastos, este acadou un valor medio do 84,79, na liña do exercizo 2010, no que acadara un 85,47% de porcentaxe de execución.

Se facemos a comparanza por capítulos, a maior porcentaxe de execución segue a corresponderlle ao Capítulo I ,“Gastos de persoal”, cun 98,43%, coa salvedade dos Capítulos VII “Transferencias de capital” e IX “Pasivos financeiros” de menor relevancia económica. Pola contra o capítulo con menor porcentaxe de execución e o Capítulo VI “Investimentos reais” que acadara o 56,84% (acadara un 66,80% no exercicio 2010).

O resultado é produto dunha mellora na técnica orzamentaria que fai que se camiñe na liña de axustar a realidade á previsión, coa salvedade do capítulo VI “Investimentos Reais”, por dous motivos: por unha banda, o modelo de xestión dos gastos asociados aos proxectos de investigación, que esixen, para a súa execución, un período de tempo superior ao exercicio orzamentario no que se acadara a financiamento; por outra banda, o proceso de xeración de nova infraestrutura e equipamento científico asociado a financiamento alleo, que provoca o traslado de parte do gasto comprometido a exercicios posteriores a través dos remanentes de crédito.

Cadro 7. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2011 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	94.898.687	93.413.284	98,43%
II. Gastos correntes en bens e servizos	27.498.169	23.506.786	85,48%
III. Gastos financeiros	250.000	210.192	84,08%
IV. Transferencias correntes	8.966.124	7.342.050	81,89%
V. Fondo de continxencia	27.035	0	0,00%
OPERACIONES CORRENTES	131.640.015	124.472.312	94,56%
VI. Investimentos reais	47.676.716	27.100.994	56,84%
VII. Transferencias de capital	393.172	393.172	100,00%
OPERACIONES DE CAPITAL	48.069.888	27.494.166	57,20%
OPERACIONES NON FINANCEIRAS	179.709.903	151.966.478	84,56%
VIII. Activos financeiros	50.000	44.793	89,59%
IX. Pasivos financeiros	2.650.000	2.649.387	99,98%
OPERACIONES FINANCEIRAS	2.700.000	2.694.180	99,78%
TOTAL	182.409.903	154.660.658	84,79%

Dada a posibilidade, establecida nas Normas de Execución do orzamento, de incorporar os créditos que se atopan en fase D de compromiso de gasto (con este documento vincúlase á Universidade a realizar un gasto concreto e de contía determinada), convén observar o grao de execución do orzamento tendo en conta se o crédito quedou comprometido (cadro 8).

O gasto comprometido ascendeu a 158.398.204 €, o que supón o 86,84% do orzamento definitivo (88,28% no exercicio anterior). A minoración da porcentaxe obedece ás instrucións dadas para o peche do exercizo que incidían na liña da especialización temporal dos créditos orzamentarios.

Cadro 8. Créditos dispostos do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2011 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Créditos dispostos	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	94.898.687	93.413.284	98,43%
II. Gastos correntes en bens e servizos	27.498.169	24.720.426	89,90%
III. Gastos financeiros	250.000	210.192	84,08%
IV. Transferencias correntes	8.966.124	8.131.802	90,69%
V. Fondo de continxencia	27.035	0	0,00%
OPERACIÓNS CORRENTES	131.640.015	126.475.704	96,08%
VI. Investimentos reais	47.676.716	28.835.148	60,48%
VII. Transferencias de capital	393.172	393.172	100,00%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	48.069.888	29.228.320	60,80%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	179.709.903	155.704.024	86,64%
VIII. Activos financeiros	50.000	44.793	89,59%
IX. Pasivos financeiros	2.650.000	2.649.387	99,98%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.700.000	2.694.180	99,78%
TOTAL	182.409.903	158.398.204	86,84%

No cadro 9 pode observarse a evolución do nivel de execución do orzamento de gastos desde o ano 2007. Tanto se atendemos á fase de obriga, como á de compromiso, verifícase que se consolida a tendencia dos últimos exercicios de mellora no grao de execución, coas salvedades comentadas con anterioridade.

Cadro 9. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2007-2011 (€)

	2007	2008	2009	2010	2011
A. Obrigas recoñecidas	145.456.901	171.232.864	167.239.407	169.781.026	154.660.658
B. Orzamento definitivo	189.854.289	207.552.534	204.150.190	198.633.572	182.409.903
% de execución (A/B)	76,62%	82,50%	81,92%	85,47%	84,79%
C. Créditos comprometidos	160.043.080	183.027.439	176.831.603	175.349.664	158.398.204
% de execución (C/B)	84,30%	88,18%	86,62%	88,28%	86,84%

1.2.3. Comparativa dos ingresos respecto ao ano anterior

Os ingresos da universidade teñen un decrecemento dun (-) 1,75%, pero non tódalas partidas compórtanse igual, tal e como pode verse no cadro 10. Así, apréciase un forte crecemento nas “Transferencias e subvencións correntes”, que contrasta coa caída nas “Transferencias e subvencións de

capital”. Isto obedece á nova estrutura de financiamento da universidade marcada polo Plano de Financiamento do Sistema Universitario Galego, de primeira aplicación práctica neste exercicio, que implica un incremento dos ingresos correntes e unha caída dos ingresos de capital con orixe na Comunidade Autónoma.

É de salientar que o decrecemento nas “Tasas, prezos públicos e outros ingresos” é enganoso, xa que os ingresos ordinarios -de continuar co criterio de imputación seguido ata este exercicio- teríanse mantido, pero o resultado final do apartado é negativo debido ao cambio na periodificación dos ingresos, introducido seguindo as recomendacións da compañía que audita as contas da Universidade de Vigo.

Cadro 10. Comparativo dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2011 e 2010 (€)

Capítulos	2011	2010	% de variación
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.293.611	18.687.357	-12,81%
IV. Transferencias e subvencións correntes	105.122.744	97.110.157	8,25%
V. Ingresos patrimoniais	431.450	381.093	13,21%
OPERACIONES CORRENTES	121.847.805	116.178.607	4,88%
VII.-Transferencias e subvencións de capital	27.865.761	39.930.897	-30,22%
OPERACIONES DE CAPITAL	27.865.761	39.930.897	-30,22%
OPERACIONES NON FINANCEIRAS	149.713.566	156.109.505	-4,10%
VIII. Variación de activos financeiros	41.268	41.124	0,35%
IX. Variación de pasivos financeiros	5.449.487	1.818.577	199,66%
OPERACIONES FINANCEIRAS	5.490.755	1.859.700	195,25%
TOTAL	155.204.321	157.969.205	-1,75%

No cadro 11 pode observarse a evolución dos ingresos globais da universidade dende o ano 2007. Apréciase que neste exercicio mantense o nivel de ingresos da universidade, unha vez que no exercicio 2010 rachara a tendencia crecente dos ingresos, tanto pola minoración dos ingresos ordinarios (fundamentalmente das achegas da Xunta de Galicia que caeron por valor de 9.444m€) como pola excepcionalidade do ingreso asociado ao novo modelo de xestión do IVE implementado no exercicio 2009.

Cadro 11. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2007 a 2011 (€)

	2007	2008	2009	2010	2011
Ingresos (dereitos recoñecidos)	152.404.109	168.846.901	176.923.253	157.969.205	155.204.322
% variación anual	2,39%	10,79%	4,78%	-10,71%	-1,75%

1.2.4. Comparativa dos gastos respecto ao ano anterior

Polo que respecta ao gasto, as obrigas contraídas acadaron o valor de 154.660.658 €, cunha caída próxima aos 15,1 M€ respecto do 2010, o que supón, en termos porcentuais, unha variación negativa da orde do (-) 8,91%. Nunha análise máis detallada da información contida no cadro 12 cabe resaltar:

- Ao igual que no exercicio 2010, os gastos de persoal no 2011 minóranse con respecto ao exercicio precedente. A causa principal é a minoración salarial dos traballadores do sector público establecida polo Real Decreto-ley 8/2010, de 20 de maio (BOE nº 126 de 24/5/2010) polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, que afectou á totalidade da anualidade (no exercicio 2010 aplicóuse a partires do mes de xuño).
- No referido aos gastos correntes en bens e servizos, as cifras reflicten o importante esforzo de contención de gastos e de mellora da eficiencia no emprego dos importes dispoñibles consonte a planificación establecida no documento orzamentario.
- O pequeno crecemento do gasto no capítulo IV vencellado a política de impulso das bolsas, subvencións e transferencias adoptada pola universidade.

Cadro 12. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2011 e 2010 (€)

Capítulos	2011	2010	% de variación
I. Gastos de persoal	93.413.284	94.357.559	-1,00%
II. Gastos correntes en bens e servizos	23.506.786	27.359.655	-14,08%
III. Gastos financeiros	210.192	314.825	-33,24%
IV. Transferencias correntes	7.342.050	7.222.178	1,66%
OPERACIONES CORRENTES	124.472.312	129.254.216	-3,70%
VI. Investimentos reais	27.100.994	35.302.467	-23,23%
VII. Transferencias de capital	393.172	96.170	--
OPERACIONES DE CAPITAL	27.494.166	35.398.637	-22,33%
OPERACIONES NON FINANCEIRAS	151.966.478	164.652.853	-7,70%

VIII. Activos financeiros	44.793	2.490.815	-98,20%
IX. Pasivos financeiros	2.649.387	2.637.358	0,46%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.694.180	5.128.172	-47,46%
TOTAL	154.660.658	169.781.026	-8,91%

No cadro 13 pode observarse a evolución dos gastos globais da universidade dende o 2007. Consonte se indicaba na memoria referida ao exercicio 2010, o nivel do gasto nese exercicio púidose manter coa intensiva utilización do remanente de libre disposición coma fonte de financiamento do orzamento de gastos, circunstancia que non podía ter continuidade no exercicio 2011. Por iso no 2011 e consonte se planificou no documento orzamentario, fíxose preciso o axuste na eficiencia da xestión do gasto e o axeitamento do nivel de gastos ao nivel de ingresos, sendo consecuencia deste a sensible baixa con respecto ao exercicio precedente que experimentan as obrigas. En resumo, o cadro é a evidencia de que na execución do gasto no exercicio a universidade adaptóuse con rigor ao planificado inicialmente.

Cadro 13. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2007 a 2011 (€)

	2007	2008	2009	2010	2011
Gastos (obrigas recoñecidas)	145.456.902	171.232.864	167.239.407	169.781.026	154.660.658
% variación anual	11,96%	17,72%	-2,33%	1,52%	-8,91%

Se realizarmos unha análise polo miúdo, e polo que respecta á partida máis importante en termos de volume, os **gastos de persoal**, o seu importe acadou no 2011 os 93.413.284€, o que supón que ao igual que en 2010 dase un decremento na partida, o cal acada o valor de 944.275 € en termos absolutos e dun (-) 1,00% porcentual verbo do ano 2010 (ver cadro 14).

Cadro 14. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2011 e 2010 (€)

Denominación	2011	Importe da variación s/ 2010	% de variación s/ 2010	2010
Altos cargos e persoal eventual	400.817	-48.780	-10,85%	449.597
Funcionarios	52.158.482	-1.149.793	-2,16%	53.308.275
Laborais	10.154.812	65.551	0,65%	10.089.261
Outro Persoal	17.867.133	-226.145	-1,25%	18.093.278
Incentivos ao rendemento	725.721	-2.319	-0,32%	728.040
Gastos Sociais	12.106.319	417.211	3,57%	11.689.108
TOTAL	93.413.284	-944.275	-1,00%	94.357.559

A orixe principal desta situación está na minoración salarial dos traballadores do sector público como consecuencia do Real Decreto-ley 8/2010, de 20 de maio (BOE nº 126 de 24/5/2010) polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, que afectou á totalidade do exercicio.

No referido ao **gasto en bens e servizos correntes** o importe é de 23.506.786€, cun decremento de 3.852.869 € respecto ao 2010 e unha variación porcentual negativa dun (-) 14,08%. Como se pode ver no cadro 15. Os maiores decrementos en termos absolutos danse na partida de material, subministracións e outros e en termos porcentuais na partida de publicacións.

Estes datos son consecucia do plan de aforro e eficiencia na xestión do gasto que se está a desenvolver pola universidade cara o reequilibrio das súas contas.

Cadro 15. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2011 e 2010 (€)

Denominación	2011	Importe da variación s/ 2010	% de variación s/ 2010	2010
Arrendamentos	220.239	71.012	47,59%	149.227
Reparacións e conservación	2.653.522	-722.192	-21,39%	3.375.714
Material, subministracións e outros	19.203.779	-3.059.558	-13,74%	22.263.337
Indemnizacións por razón de servizo	890.912	-2.018	-0,23%	892.930
Publicacións	64.290	-95.467	-59,76%	159.757
Plan de Calidade Docente	474.044	-44.646	-8,61%	518.690
TOTAL	23.506.786	-3.852.869	-14,08%	27.359.655

Os **gastos financeiros** ascenderon a 210.192 € e corresponden principalmente a xuros de demora e outros gastos financeiros, e seguen a ter un baixo importe no orzamento de gastos, sen perxuizo do axuste realizado con respecto o 2010.

O **gasto en transferencias correntes** acadou un importe de 7.342.050€, cun incremento de 119.871€ verbo ao 2010 e unha variación porcentual dun 1,66% (ver cadro 16).

Dada a situación económica desfavorable do entorno, segue a manterse a liña de traballo e o compromiso establecido pola Universidade en exercicios precedentes, cunha clara aposta pola internacionalización e polo programa de bolsas e axudas, ao tempo que se mantén neste exercicio o programa de colaboración coas restantes universidades do Sistema Galego de Universidades a través de BUGALICIA e do CIXUG.

Cadro 16. Gasto en transferencias correntes. Anos 2011 e 2010 (€)

Denominación	2011	Importe da variación s/	% de variación s/ 2010	2010
--------------	------	-------------------------	------------------------	------

		2010		
Transferencias a entidades publicas	1.733.688	434.717	33,47%	1.298.971
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	3.299.258	-125.266	-3,66%	3.424.524
Transferencias ao exterior (intercambios ERASMUS, LIG, etc)	2.309.104	-189.579	-7,59%	2.498.683
TOTAL	7.342.050	119.872	1,66%	7.222.178

O **gasto en investimentos** no 2011 chega aos 27.100.994 €, cun decrecemento dun (-) 23,23% respecto ao 2010 (ver cadro 17).

No que se refire aos investimentos asociados ao funcionamento dos servizos, prodúcese unha caída salientable no gasto entre o 2011 e o 2010, dun (-) 43,21% porcentual e dun neto de 6.645.206€. Esta situación é consecuencia da planificación establecida no documento orzamentario no referido aos gastos ordinarios e ao grao de cumprimento dos prazos de construción e dotación de nova infraestrutura de investigación soportada con fondos finalistas.

O comportamento dos gastos en investimentos de carácter inmaterial vai na mesma liña, pero a caída é moito máis suave. O gasto acada os 18.367.223 €, o que implica un decrecemento moderado dun (-) 7,81% respecto ao 2010 (-1.556.267€). Os motivos radican basicamente na baixada das axudas a investigación da Xunta de Galicia, non compensada polos incrementos acadados polos grupos de investigación da universidade nas convocatorias nacionais e europeas.

Cadro 17. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2011 e 2010 (€)

Denominación	2011	Importe da variación s/ 2008	% de variación s/ 2008	2010
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	8.733.771	-6.645.206	-43,21%	15.378.977
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	18.367.223	-1.556.267	-7,81%	19.923.490
TOTAL	27.100.994	-8.201.473	-23,23%	35.302.467

I.3. OPERACIÓNS DE EXERCICIOS PECHADOS

No exercicio 2011 leváronse a cabo operacións que correspondían ao exercicio 2010, tanto de cobro ou anulación de dereitos como de pago de obrigas.

Os dereitos de cobro ao inicio do exercicio ascendían a 13.993.442€. Durante o exercicio eses dereitos minoráronse en 501.409 €. Ao longo do exercicio recadáronse 11.780.466 €, e quedaron pendentes por cobrar 1.711.567 €.

As obrigas pendentes de pago ao inicio do exercicio 2011 ascendían a 2.000€. Todas elas foron pagadas ao longo do exercicio 2011.

I.4. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería é unha magnitude financeira que reflicte o exceso ou o déficit de financiamento a curto prazo nunha data determinada, neste caso ao remate do exercicio económico.

No Cadro 18 preséntase o cálculo do remanente a 31 de decembro de 2011. Obtense como resultado da diferenza entre os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago, sexan do exercicio corrente ou de exercicios pechados, e sumando a este resultado a tesourería existente a 31 de decembro.

Cadro 18. Remanente de tesourería da Uvigo a 31 de decembro de 2011 (€).

Conceptos	2011
1. (+) Dereitos pendentes de cobro	28.966.553,73
- (+) do orzamento corrente	16.418.911,31
- (+) de orzamentos pechados	1.711.567,33
- (+) de operacións non orzamentarias	10.836.075,09
- (+) de operacións comerciais	0,00
- (-) cobros pendentes de aplicación	4.000,34
2. (-) Obrigacións pendentes de pagamento	3.500.309,18
(-) (+) do orzamento corrente	11.205,80
(-) (+) de orzamentos pechados	0,00
(-) (+) de operacións non orzamentarias	2.614.551,57
(-) (+) de operacións comerciais	0,00
(-) (+) obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento	874.551,81
3. (+) Fondos líquidos	28.180.165,24
TOTAL REMANENTE TESOURERÍA (1-2+3)	53.646.409,79
I. Saldos de dubidoso cobro	1.808.175,18
II. Remanentes de Tesourería no dispoñible	31.575.884,33
II. Remanentes de Tesourería dispoñible	20.262.350,28
III. Remanentes de Tesourería total = (I + II)	53.646.409,79

O resultado é un remanente de tesourería por importe de 53.646.410 €, dos que 31.575.884 € forman parte do remanente de tesourería non dispoñible. Este remanente unicamente poderá empregarse para dar cobertura aos gastos para os que se atopan afectados. Os 20.480.175 € restantes conforman o remanente dispoñible.

Neste exercicio por mor da implantación, dende o 1 de xaneiro, do novo plan de contabilidade pública, cambian algúns criterios con respecto ao exercicio precedente. Así, a presentación e a nomenclatura non coinciden co visto ata agora. O concepto “dispoñible” non e asimilable a “non afectado”.

O Plan Xeral de Contabilidade Publica establece que no cadro de Remanente debe diferenciarse entre o importe do remanente que se corresponde cun exceso de financiamento e o importe dos debedores de dubidosos e cobros, sendo a diferenza entre ambos o que se considera remanente dispoñible.

As normas de execución do orzamento 2011 establecen que se considera remanente comprometido o importe dos créditos en fase “D”, os créditos financiados con contribucións específicas – sempre que a actividade se manteña no exercicio seguinte-, os créditos dispoñibles de contratos programas e outras excepcións previa xustificación e posterior autorización do Reitor.

A consecuencia desta diferente interpretación da lugar a que o remanente dispoñible contable non coincida co que antes viña sendo o remanente non afectado. Se atenderamos aos criterios anteriores a cifra do remanente non afectado acadaría os 13.172.099€ a 31 de decembro de 2011.

Polo que respecta a súa evolución, o remanente total de tesourería mantívose nunhas cifras similares ás do exercicio precedente, o cal e produto do cumprimento da planificación levada a cabo.

II. OPERACIÓNS EXTRA-ORZAMENTARIAS

Segundo a norma contable, poderán xestionarse e contabilizarse como operacións extra-orzamentarias aquelas nas que a actividade da universidade se limite á realización de función de intermediación na súa xestión. Estas operacións extra-orzamentarias inclúen tanto pagos como ingresos realizados pola Universidade de Vigo, pero que non se aplican ao orzamento xa que a institución actúa como un mero intermediario.

II.1. DEBEDORES EXTRA-ORZAMENTARIOS

O importe dos debedores extra-orzamentarios a 31 de decembro acadou un total de 13.238.643 €, tal e como se detalla no cadro 19. Polo seu importe destacan os seguintes conceptos:

- Facenda Pública debedora polas reclamacións de devolución do I.V.E.. Neste concepto reflíctense os importes nos que existe discrepancia entre a Universidade e a Facenda Publica na consideración da regra da prorrata.
- Debedores por I.V.E. repercutido. Correspóndese coas facturas emitidas pola Universidade de Vigo que estean pendentes de cobro a 31 de decembro de 2011.
- Debedores por préstamos e anticipos. Este apartado refírese principalmente ás cantidades anticipadas ao personal da Universidade.
- Fianzas. Este epígrafe correspóndese coas fianzas esixidas polos Xulgados a Universidade en relación a diversas reclamacións xudiciais pendentes de resolución.

Cadro 19. Debedores extra-orzamentarios da UVigo a 31/12/2011 (€)

Concepto	Importe
Facenda Publica debedora de IVE	10.416.555
Debedores por IVE repercutido	247.658
Debedores por préstamo e anticipos (persoal)	142.527
Fianzas presentadas (por reclamacións xudiciais)	391.556
Investimentos financeiros temporais	1.488.625
Saldos contas anticipos caixa fixa	519.642
Resto (pequenos importes por diversas actividades)	32.078
Total	13.238.643

II.2. ACREDORES EXTRA-ORZAMENTARIOS

O importe dos acredores extra-orzamentarios acadou un total de 2.621.220 €, tal e como se recolle no cadro 20. O reparto por orde de importancia é o seguinte:

1. Facenda Pública I.R.P.F.. Correspóndese cos importes que a Universidade retivo por pagos ao persoal no mes de decembro de 2011 e que están pendentes de liquidar á Facenda Pública xa que o prazo finalizou o 20 de xaneiro do 2012.
2. MUFACE.
3. Dereitos Pasivos.
4. Bolsas por conta do MEC. Recolle os reintegros do Ministerio de Educación.
5. Resto. Recolle pequenos importes por diversas actuacións como, por exemplo, o IVE intracomunitario.

Cadro 20. Acredores extra-orzamentarios da UVigo a 31/12/2011 (euros)

Concepto	Importe
Facenda Pública I.R.P.F.	2.091.670
MUFACE	78.050
Dereitos Pasivos	174.008
Bolsas por conta MEC	208.312
Resto	69.180
Total	2.621.219

III. SITUACIÓN ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

III.1. RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

A conta de resultado económico patrimonial é un estado económico-financieiro onde se amosa o resultado da actividade económica da universidade. Este resultado pode ser positivo se os ingresos superan aos gastos ou negativo se ocorre o contrario. A presentación dos ingresos e gastos neste estado depende de cómo se presentan no orzamento. Na contabilidade financeira existen operacións como as provisións que non se rexistran na contabilidade orzamentaria; ademais, hai que aplicar o principio de correlación de ingresos e gastos, o que leva a facer axustes temporais nos fluxos de ingresos e gastos. A normativa obriga a que se especifiquen as cifras do exercicio corrente máis as do exercicio anterior, se ben por mor da implantación do novo plan de contabilidade publica non cabe dita posibilidade neste exercicio.

A Conta de Resultados da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2011 está formada polas partidas que se recollen no cadro 21, cun resultado negativo de 11.537.588€. É un resultado non comparable co do exercicio precedente, pero que en calquera caso amosa a boa saúde financeira da universidade.

Cadro 21. Conta do Resultado Económico Patrimonial da UVigo 2011-2010 (€)

DESCRIPCION	Exercicio 2011	Exercicio 2010
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	7.291,90	0,00
2. Transferencias e subvencións recibidas	132.988.505,50	0,00
3. Ventas netas e prestación de servizos	20.144.357,57	0,00
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	299.558,85	0,00
A) TOTAL INGRESOS DE XESTION ORDINARIA	153.439.713,82	0,00
8. Gastos de persoal	98.951.642,57	0,00
9. Transferencias e subvencións concedidas	7.737.625,57	0,00
11. Outros gastos de xestión ordinaria	47.403.134,01	0,00
12. Amortizacións de inmovilizado	12.145.057,17	0,00
B) TOTAL GASTOS DE XESTION ORDINARIA	166.237.459,32	0,00
I. Resultado da xestión ordinaria (A-B)	-12.797.745,50	0,00
13. Deterioro do valor e resultados polo alleamento do inmovilizado non financeiro e activos	54.598,67	0,00
14. Outras partidas non ordinarias	1.333.771,24	0,00
II. Resultado das operacións non financeiras (I-13+14)	-11.518.572,93	0,00

15. Ingresos financeiros	436.927,75	0,00
16. Gastos financeiros	210.192,19	0,00
20. Deterioro do valor, baixas e alleamento de activos e pasivos financeiros	245.750,61	0,00
III. Resultado das operacións financeiras (15-16-20)	-19.015,05	0,00
IV. Resultado Neto do Exercicio (II+III)	-11.537.587,98	0,00

III.2. BALANCE DE SITUACIÓN

O Balance é un estado económico-financieiro onde se amosa a situación patrimonial da universidade a 31 de decembro de 2011. Comprende, coa debida separación, o activo, o pasivo e o patrimonio neto da universidade.

A efectos de activos diferénciase entre activo corrente, que é cando os dereitos se poden facer líquidos nun prazo de 12 meses a partires do 31 de decembro ao que se suma a tesourería, e activo non corrente, que comprende os dereitos que non estaban comprendidos no caso anterior.

A efectos de pasivos tamén se diferencia entre pasivo corrente, que é aquel que debe liquidarse dentro dun periodo de 12 meses a partires do 31 de decembro, e o pasivo non corrente, que comprende as obrigas non comprendidas no caso anterior.

Destacar que se ben a normativa esixe que se especifiquen as cifras do exercicio corrente comparadas coas do exercicio anterior, nesta ocasión non é factible, nin exisibile, por mor do cambio do Plan Xeral de Contabilidade Publica que como xa dixemos con anterioridade se implantou na Universidade a partires do 1 de xaneiro de 2011. Tamen coma no caso anterior o balance amosa a solidez da posición da Universidade.

Cadro 22. Balance de Situación da UVigo 2011-2010 (€)

DESCRIPCION	Exercicio 2011	Exercicio 2010
A) ACTIVO NON CORRENTE	225.785.957,68	0,00
I. Inmobilizado intanxible	937.861,23	0,00
II. Inmobilizado material	218.544.346,81	0,00
IV. Investimentos financeiros a longo prazo en entidades do grupo	5.912.193,25	0,00
V. Investimentos financeiros a longo prazo	391.556,39	0,00
B) ACTIVO CORRENTE	59.008.642,47	0,00
III. Debedores e outras contas a cobrar	29.810.517,62	0,00
V. Investimentos financeiros a curto prazo	1.537.664,85	0,00
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	27.660.460,00	0,00
TOTAL ACTIVO (A+B)	284.794.600,15	0,00
A) PATRIMONIO NETO	239.797.195,85	0,00
I. Patrimonio	271.107.577,71	0,00

II. Patrimonio xerado	-31.310.381,86	0,00
B) PASIVO NON CORRENTE	27.183.667,83	0,00
I. Provisións a longo prazo	5.085.545,35	0,00
II. Débedas a longo prazo	22.098.122,48	0,00
C) PASIVO CORRENTE	17.813.736,47	0,00
II. Débedas a curto prazo	2.542.000,00	0,00
IV. Acredores por operacións de xestión	3.504.309,52	0,00
V. Axustes por periodificación	11.767.426,95	0,00
TOTAL PASIVO (A+B+C)	284.794.600,15	0,00

IV. SITUACIÓN DA TESOURERÍA

O Estado de Fluxos de Tesourería informa sobre a orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias e indica a variación neta das mesmas. Os movementos de efectivo reflíctense agrupados por actividades. Este cadro varía sustancialmente con relación ao do exercicio 2010.

Tamén neste caso a normativa esixe que se especifiquen as cifras do exercicio corrente comparadas coas do exercicio anterior, pero nesta ocasión non é factible, nin exisíble, por mor do cambio do Plan Xeral de Contabilidade Pública que se implantou na Universidade a partires do 1 de xaneiro de 2011.

No cadro 23 recóllense os principais items do estado de fluxos de tesourería e o resultado final a 31 de decembro de 2011.

Cadro 23. Estado de Fluxos de Efectivo no exercicio 2011 (€)

DESCRIPCION	Exercicio 2011	Exercicio 2010
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTION (A-B)	16.537.081,15	0,00
A) Cobros	146.615.155,53	0,00
B) Pagos	130.078.074,38	0,00
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO (C-D)	-27.303.611,90	0,00
C) Cobros	87.174,84	0,00
D) Pagos	27.390.786,74	0,00
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO (G-H)	4.272.671,16	0,00
G) Cobros por emisión de pasivos financeiros	6.922.058,35	0,00
H) Pagos por reembolso de pasivos financeiros	2.649.387,19	0,00
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACION	-843.336,53	0,00
VI. INCREMENTO/DIMINUION NETA DO EFECTIVO	-7.337.196,12	0,00
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao inicio do exercicio	34.997.656,12	0,00
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao final do exercicio	27.660.460,00	0,00

O saldo da tesourería, que tal e como se recolle no cadro anterior, acada o valor de 27.660.460€ a 31 de decembro de 2011, distribúese nas diferentes contas como seguidamente se reflícte:

<u>ORDINAL</u>	<u>SALDO CONTABLE</u>
01 BANCO PASTOR "Outros Ingresos" c/c 0000100157	28.835,84

02 NCG BANCO "Outros Ingresos" c/c	3110225991	2.987.111,06
04 NCG BANCO "Tasas" c/c	3110000112	15.489,20
05 BANCO PASTOR "Taxas" c/c	0000100159	5.587,61
07 BANCO PASTOR "Euros" c/c	0000100165	433.328,25
10 NCG BANCO "Inst.Cervantes" c/c	3110002594	5.983,90
12 NCG BANCO "Sócrates" c/c	3040043745	7.559,03
14 NCG BANCO "Facturas" c/c	3110263753	324.258,49
15 NCG BANCO, "Credimatrícula"	3110266789	0,25
19 BANCO SANTANDER "Crecemento "	2816103032	13.118.144,49
21 BANCO SANTANDER "O.I" c/c	2316072331	1.244.402,20
27 BANCAJA "O.I" c/c	3100117593	89.759,38
29 CAIXANOVA "Depósito flexible"	3810546257	9.400.000,00
TOTAL		27.660.460,00

V. INDICADORES

Como complemento ao resto da información contida na Memoria, nesta sección se recollen unha mostra dos indicadores que reflicten dun xeito sintético a situación orzamentaria, financeira e patrimonial da Universidade e Vigo no exercicio 2011.

Por mor da implantación do novo Plan de Contabilidade Publica na Universidade de Vigo a partires do 1 de xaneiro de 2011, a continuación se presentan os indicadores e datos referidos ao exercicio sen comparación cos precedentes, en tanto que o criterio de toma e consideración dos datos non é homoxeneo entre exercicios.

V.1. INDICADORES FINANCEIROS E PATRIMONIAIS

INDICADOR DE LIQUIDEZ INMEDIATA.

Este indicador reflicte a porcentaxe de débedas orzamentarias e non orzamentarias que poden atenderse coa liquidez inmediata dispoñible, e é produto de dividir os Fondos líquidos entre o Pasivo corrente (27.660.460,00€ / 17.813.736,47€), sendo o resultado 1,55. Un cociente superior a 1 indica unha boa situación de tesourería. O resultado amosa a capacidade para facer fronte aos pagos a curto prazo coas partidas que compoñen o dispoñible do activo corrente.

INDICADOR DE LIQUIDEZ A CURTO PRAZO.

Este indicador reflicte a capacidade que ten a entidade para atender a curto prazo as súas obrigas pendentes de pagamento, e é resultado de dividir os Fondos líquidos máis os Dereitos pendentes de cobro entre o Pasivo corrente (57.470.977,60€ / 17.813.736,47€), sendo o resultado 3,23. Ao igual que no caso anterior un cociente superior a 1 indica unha boa situación de tesourería, nesta caso moi positiva, como resultado da capacidade para facer fronte aos pagos a curto coas partidas que compoñen o dispoñible e o realizable do activo.

INDICADOR DE LIQUIDEZ XERAL.

Este indicador reflicte en que medida todos os elementos patrimoniais que compoñen o activo corrente cobren o pasivo corrente, e é produto de dividir o Activo corrente entre o Pasivo corrente (59.008.642,47€ / 17.813.736,47€), sendo o resultado 3,31. Na mesma liña do comentado en relacion a liquidez nos epígrafes anteriores este indicador tamen amosa un bo resultado ao ser superior a 1, coma consecuencia dun activo corrente no que os conxuntos de dispoñible e realizable son cáseque o 100% do conxunto. A lectura da ratio, en sentido inverso, é que o patrimonio neto e o pasivo a longo prazo financian aproximadamente o 70% do activo corrente, o que evidencia doutro xeito a distancia con calquera tensión de liquidez.

INDICADOR DE ENDEBEDAMENTO.

Este indicador representa a relación entre a totalidade do pasivo esixible (corrente e non corrente) respecto do patrimonio neto máis o pasivo total da entidade, e é resultado de dividir a suma do Pasivo corrente máis o Pasivo non corrente entre o pasivo corrente máis o pasivo non corrente e o patrimonio neto (44.997.404,30€ / 284.794.600,15€), sendo o resultado 0,16. No relativo a este índice todo o valor por debaixo da unidade representa unha boa relación de endebedamento, canto menor sexa o valor do cociente mellor será a situación. O resultado de 0,16 evidencia unha elevada solvencia e estabilidade financeira na institución ou, visto doutro xeito, un baixo grao de apalancamento financeiro, nunha conxuntura económica na que o prezo dos recursos e as restricións de liquidez son un problema para as entidades cunha elevada dependencia do pasivo esixible.

INDICADOR DE RELACIÓN DE ENDEBEDAMENTO.

Este indicador representa a relación entre o pasivo corrente e o non corrente, e é produto de dividir o Pasivo corrente entre o Pasivo non corrente (17.813.736,47€ / 27.183.667,83€), sendo o resultado 0,66. Ao igual que no caso anterior todo valor do cociente por debaixo da unidade representa unha boa relación de endebedamento e implica, xunto ás ratios de liquidez, a estabilidade financeira a curto prazo da universidade.

INDICADOR DE CASH-FLOW.

Este indicador reflicte en que medida os fluxos netos de xestión de caixa cobren o pasivo da entidade, e é resultado de dividir o Pasivo non corrente sumado ao Pasivo corrente entre os Fluxos netos de xestión (44.997.404,30€ / 16.537.081,15€), sendo o resultado 2,72. Este dato, que indica capacidade adicional para xerar liquidez e atender aos pasivos, non amosa unha situación preocupante, en tanto que a universidade esta a atender as súas obrigas e os prazos de pago son os axeitados.

INDICADOR DE COBERTURA DE GASTOS CORRENTES.

Este indicador pon de manifesto a relación existente entre os gastos de xestión ordinaria cos ingresos da mesma natureza, e resulta de dividir os Gastos de xestión ordinaria entre os Ingresos de xestión ordinaria (166.237.459,32€ / 153.439.713,82€), sendo o resultado 1,08. A diferenza entre ingresos e gastos non afecta á liquidez, posto que se xustifica na súa práctica totalidade pola dotación á amortización de inmovilizado, por importe de 12.145,057,17 €.

V.2. INDICADORES ORZAMENTARIOS**INDICADOR DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS.**

Este indicador reflicte a proporción dos créditos aprobados no exercicio que deron lugar ao recoñecemento de obrigas, e produto de dividir as Obrigas recoñecidas netas entre os Créditos totais (154.660.657,78€ / 182.409.902,92€), sendo o resultado 0,85. Este resultado é congruente cos datos amosados no cadro 9 desta memoria, e reflicte una porcentaxe de execución do orzamento de gastos normal consonte á planificación realizada.

INDICADOR DE REALIZACIÓN DE PAGAMENTOS.

Este indicador reflicte a proporción das obrigas recoñecidas no exercicio da que o pagamento se realizou no mesmo, con respecto ao total de obrigas recoñecidas, e sae de dividir os Pagamentos realizados entre as Obrigas recoñecidas (154.649.451,98 € / 154.660.657,78€), sendo o resultado 1,00. Este resultado é congruente co expresado no apartado I.2. desta memoria e demostra a capacidade da universidade para facer fronte as suas obrigas nuns prazos moi razoables, e en calquera caso respetando o indicado na normativa europea e española en relación aos prazos de pago.

INDICADOR DE ESFORZO EN INVESTIMENTO.

Este indicador establece a proporción que representan as operacións de capital realizadas no exercicio en relación á totalidade dos gastos orzamentarios realizados no mesmo, e é produto de dividir as Obrigas recoñecidas netas dos Capítulos 6 e 7 do orzamento de gastos entre o Total de obrigas recoñecidas netas (27.494.165,98€ / 154.660.657,78€), sendo o resultado 0,18. Este resultado é consistente co expresado en diferentes apartados desta memoria, en especial no I.2.4., e amosa a tendencia da universidade a diminuír o seu esforzo en investimento, produto de varias causas: a planificación establecida no documento orzamentario cara o reequilibrio das contas da universidade e o ritmo seguido nos gastos asociados a proxectos de investigación intencionais ou dos grupos da universidade, sen prexuízo dunha diminución das achegas da Xunta no eido da I+D.

INDICADOR DE EXECUCION DO ORZAMENTO DE INGRESOS.

Este indicador reflicte a proporción que sobre os ingresos orzamentarios previstos supoñen os ingresos presupostarios netos, isto é, os dereitos liquidados netos, e sae de dividir os Dereitos recoñecidos netos entre as Previsións definitivas (155.203.946,75€ / 182.409.902,92€), sendo o resultado 0,85. Este resultado é consistente co expresado nos apartados I.2.1.e I.2.3., e amosa a seriedade e prudencia da universidade na estimación de ingresos do exercicio.

INDICADOR DE REALIZACION DE COBROS.

Este indicador recolle a porcentaxe que supoñen os cobros obtidos no exercicio sobre os dereitos recoñecidos netos, e sae de dividir a Recadación neta entre os Dereitos recoñecidos netos (138.785.035,42€ / 155.203.946,75€), sendo o resultado 0,89. Este resultado, tamen congruente co comentado noutros apartados desta memoria, especificamente no I.2., amosa o grao de realización efectivo dos dereitos recoñecidos a 31 de decembro de 2012.

O feito de que a ratio non sexa superior é consecuencia da demora nos pagos pola Xunta de Galicia, especificamente dos asociados aos programas de RR.HH. e aos proxectos de investigación, nos que a Xunta de Galicia libra en firme en función das xustificacións que se realizan a fin de exercicio, e aos que se suma a demora no abono de determinadas partidas do plano de financiamento do SUG.

VI. RESUMO DAS CONTAS ANUAIS DE ENTIDADES PARTICIPADAS

Conforme se establece no artigo 84 da Lei Orgánica de Universidades “as entidades nas que as Universidades teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e procedemento que as propias universidades”, nesta última parte da memoria recóllese un resumo das contas anuais das entidades participadas pola Universidade de Vigo.

VI.1. Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).

Mantense a actividade económica da sociedade, sendo o trazo máis distintivo da conta de resultados -detallada no cadro 24- a significativa mellora dos datos operativos, cunha minoración dos gastos e un incremento dos ingresos.

Salientar que as decisións de xestión adoptadas no exercicio e a posta en marcha do novo plan de negocio a finais do exercicio 2010 e que afectou en cáseque a súa totalidade a este exercicio, permitíu unha mellora evidente dos resultados da sociedade. En resumo o cumprimento do planificado permite consolidar neste exercicio o cambio de tendencia que se comezou a apreciar no exercicio 2010.

Cadro 24. CUSA, Conta de resultados, 2011-2010

DESCRIPCION	Exercicio 2011	Exercicio 2010
A) OPERACIONES CONTINUADAS		
1. Importe neto da cifra de negocios	615.295,73	565.019,84
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	0,00	3.384,06
5. Outros ingresos de explotación	78.095,73	1.617,40
6. Gastos de persoal	-62.854,14	-56.775,81
7. Outros gastos de explotación	-442.473,89	-407.815,87
8. Amortización do inmovilizado	-168.138,41	-171.634,27
9. Imputacións de subvencións de Inmovilizado non financeiro e outras	841,44	0,00
11. Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado	-2.361,65	-7.306,02
13. Outros resultados	605,77	-46.947,31
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACION	19.010,58	-120.457,98
14. Ingresos financeiros	1.033,99	2.378,41
15. Gastos financeiros	-60.633,81	-135.571,28

18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	-22.114,83	-107.818,71
B) RESULTADO FINANCEIRO	-81.714,65	-241.011,58
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	-62.704,07	-361.469,56
D) RESULTADO DO EXERCICIO	-62.704,07	-361.469,56

O balance da sociedade -detallado no cadro 25-, tamén reflicte as decisións adoptadas para reconducir o camiño da sociedade, amosando unha solidez que permite o desenvolvemento normal da actividade da sociedade.

Cadro 25. CUSA, Balance 2011-2010.

DESCRIPCION	Exercicio 2011	Exercicio 2010
A) ACTIVO NON CORRENTE	9.412.244,82	10.746.216,25
I. Inmobilizado intanxible	153.328,20	1.449.643,87
II. Inmobilizado material	151.781,71	87.031,23
III. Investimentos inmobiliarios	9.072.020,83	9.161.462,24
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	26.316,83	40.931,66
V. Investimentos financeiros a longo prazo	1.705,59	55,59
VI. Activos por impostos diferidos	7.091,66	7.091,66
B) ACTIVO CORRIENTE	296.640,57	346.204,10
III. Debedores e outras contas a cobrar	254.084,66	283.252,05
V. Investimentos financeiros a curto prazo	2.290,88	1.350,81
VI. Periodificacións a curto prazo	24.570,72	24.950,10
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	15.694,31	36.651,14
TOTAL ACTIVO (A+B)	9.708.885,39	11.092.420,35
A) PATRIMONIO NETO	7.126.040,57	8.477.093,83
A.1.) Fondos propios	7.109.568,66	8.477.093,83
I. Capital	10.178.880,00	11.457.680,00
III. Reservas	-26.974,29	-953,19
V. Resultados de exercicios anteriores	-2.979.632,98	-2.618.163,42
VII. Resultado do exercicio	-62.704,07	-361.469,56
A.3.) Subvencións, doazóns e legados recibidos	16.471,91	0,00
B) PASIVO NON CORRENTE	2.367.036,13	2.448.961,58
I. Provisións a longo prazo	157.879,24	157.879,24
II. Débedas a longo prazo	1.189.953,60	1.247.554,60
IV. Pasivos por impostos diferidos	5.490,63	0,00
V. Periodificacións a longo prazo	1.013.712,66	1.043.527,74
C) PASIVO CORRENTE	215.808,69	166.364,94
II. Débedas a curto prazo	97.771,26	97.877,01
IV. Acredores por operacións de xestión	101.510,90	68.487,93

V. Axustes por periodificación	16.526,53	0,00
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	9.708.885,39	11.092.420,35

VI.2. Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI).

A conta de resultados da sociedade, detallada no cadro 26, recolle a situación actual de posta en marcha da súa actividade, cuns gastos superiores aos ingresos, situación que se manterá en tanto non se complete a ocupación dos espazos dispoñibles, proceso no que nos atopamos neste exercicio.

Cadro 26. CITEXVI, Conta de resultados, 2011-2010

DESCRIPCION	Exercicio 2011	Exercicio 2010
A) OPERACIONES CONTINUADAS		
1. Importe neto da cifra de negocios	272.531,76	25.000,00
5. Outros ingresos de explotación	3.945,00	0,00
6. Gastos de persoal	-127.281,36	-113.578,41
7. Outros gastos de explotación	-421.993,09	-92.345,15
8. Amortización do inmovilizado	-205.536,34	-8.989,72
9. Imputacións de subvencións de Inmovilizado non financeiro e outras	75.182,09	0,00
13. Outros resultados	773,91	10,00
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACION	-402.378,03	-189.903,28
14. Ingresos financeiros	134.380,66	143.698,05
B) RESULTADO FINANCEIRO	134.380,66	143.698,05
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	-267.997,37	-46.205,23
D) RESULTADO DO EJERCICIO	-267.997,37	-46.205,23

O balance da sociedade, detallado no cadro 27, tamén reflicte a fase de posta en marcha da actividade da sociedade, que comezou a operar en xuño deste exercicio. En calquera caso o balance amosa un elevado grado de solidez da sociedade.

Cadro 27. CITEXVI, Balance 2011-2010.

DESCRIPCION	Exercicio 2011	Exercicio 2010
A) ACTIVO NON CORRENTE	11.343.137,22	11.277.855,02
I. Inmovilizado intanxible	29.461,13	31.341,27
II. Inmovilizado material	299.020,94	11.246.513,75
III. Inversións inmobiliarias	11.014.655,15	0,00
B) ACTIVO CORRENTE	4.564.265,73	5.808.972,07
III. Debedores e outras contas a cobrar	200.709,06	248.232,01
V. Inversións financeiros a curto prazo	4.000.000,00	4.000.000,00
VI. Periodificacións a curto prazo	8.157,33	0,00

VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	355.399,34	1.560.740,06
TOTAL ACTIVO (A+B)	15.907.402,95	17.086.827,09
A) PATRIMONIO NETO	10.321.317,60	10.645.701,54
A.1.) Fondos propios	6.635.686,50	6.903.683,87
I. Capital	7.460.105,00	7.460.105,00
V. Resultados de exercicios anteriores	-556.421,13	-510.215,90
VII. Resultado do exercicio	-267.997,37	-46.205,23
A.3.) Subvencións, doazóns e legados recibidos	3.685.631,10	3.742.017,67
B) PASIVO NON CORRENTE	5.112.495,69	5.442.919,92
I. Provisións a longo prazo	134.133,20	134.133,20
II. Débedas a longo prazo	3.749.818,78	4.061.447,49
IV. Pasivos por impostos diferidos	1.228.543,71	1.247.339,23
C) PASIVO CORRENTE	473.589,66	998.205,63
II. Débedas a curto prazo	411.078,41	463.570,68
IV. Acredores por operacións de xestión	62.511,25	534.634,95
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	15.907.402,95	17.086.827,09

VI.3. Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Da conta de resultados da Fundación -detallada no cadro 28-, cabe salientar o mantemento da actividade económica da sociedade, ao consolidarse a xestión do Centro de Linguas dende a Fundación, sen perxuízo da posta en marcha de novas liñas de traballo.

A conta tamén amosa como os gastos son superiores os ingresos, produto da reordenación organizativa e funcional que se esta a levar a cabo na Fundación, coa posta en marcha de novas liñas de traballo que non consolidaron os seus resultados neste exercicio e que se estima que o fagan a partires do 2012.

Cadro 28. FUVI, Conta de resultados, 2011-2010

DESCRIPCION	Exercicio 2011	Exercicio 2010
1. Ingresos da entidade por actividade propia	724.319,93	727.454,43
2. Axudas monetarias e outros	-6.000,00	-6.000,00
3. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	47.638,60	37.790,00
4. Aprovisionamentos	-10.584,10	0,00
5. Outros ingresos de explotación	0,00	870,00
6. Gastos de persoal	-633.885,88	-458.453,63
7. Outros gastos de explotación	-203.472,82	-246.914,64
12. Amortizacións de inmovilizado	-8.563,10	-7.434,05
14. Outros resultados	-612,27	-870,00
A) Resultado de Explotación	-91.159,64	46.442,11

9. Ingresos financeiros	92,57	129,11
10. Gastos financeiros	0,00	0,00
B) Resultado Financeiro	92,57	129,11
C) Resultado antes de impostos	-91.067,07	46.571,22
11. Imposto sobre sociedades	596,00	-52,00
D) Excedente do Exercicio	-90.471,07	46.519,22

Do balance da Fundación destaca a escasa significación patrimonial e o bo comportamento financeiro cunha alta liquidez, se ben menor que a do exercicio precedente, e un escaso endebedamento.

Cadro 29. FUVI, Balance 2011-2010.

DESCRIPCION	Exercicio 2011	Exercicio 2010
A) ACTIVO NON CORRENTE	29.840,83	28.972,16
I. Inmobilizado intanxible	0,00	0,07
II. Inmobilizado material	29.236,83	28.964,09
III. Activos por impostos diferidos	604,00	8,00
B) ACTIVO CORRENTE	708.111,62	495.351,48
I. Usuarios e outros debedores da actividade propia	123.129,00	35.845,81
II. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	346.282,51	196.486,50
III. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	238.700,11	263.019,17
TOTAL ACTIVO (A+B)	737.952,45	524.323,64
A) PATRIMONIO NETO	685.768,11	488.347,03
A.1.) Fondos propios	232.042,40	322.513,47
I. Dotación Fundacional	66.010,12	66.010,12
II. Reservas	256.503,35	209.114,13
III. Excedente do exercicio	-90.471,07	47.389,22
A.3.) Subvencións, doazóns e legados recibidos	453.725,71	165.833,56
B) PASIVO CORRIENTE	52.184,34	35.976,61
I. Débedas a curto prazo	-3.109,58	-12,30
II. Acredores comerciais e outras contas a pagar	55.293,92	35.988,91
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	737.952,45	524.323,64

VII. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

O Servizo de xestión económica e contratación é o que fundamentalmente leva a cabo a xestión dos expedientes xerados pola contratación administrativa, agás os procedementos negociados de subministracións e servizos por razón de contía, que se atopan desconcentrados nos/as Administradores/as de ámbitos/centros respecto das partidas descentralizadas.

Nesta memoria non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores regulados nos artigos 95 e 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público.

Os aspectos máis relevantes da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, asistencia / consultoría / servizos, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado) do exercicio 2011 aparece reflectida nos cadros que se indican de seguido:

Cadro 30. Comparativo do volume de contratación

	Exercicio 2011	Exercicio 2010	Diferenzas (valor absoluto)	Diferenzas (porcentuais)
Importes de licitación	11.946.695	9.284.134	2.662.561	28,68%
Numero de expedientes	43	37	6	16,22%

No exercizo, no cómputo total, prodúcese un incremento tanto no numero de expedientes licitados, como no importe licitado por procedemento aberto ou negociado, baixo xestión centralizada. Isto ven motivado polo carácter cíclico dalgúns contratos de servizos e polo aumento na captación de financiamento alleo.

A continuación, no cadro 31, amósase un resumo das adxudicacións, distinguindo por tipos de contrato e a súa vez polos procedementos e formas de adxudicación. En comparación co exercicio precedente, prodúcese un incremento dos expedientes abertos, que xustifican tanto o crecemento neto de expedientes como a pequena minoración nos procedementos negociados.

Cadro 31. Resumo por tipo e procedemento de adxudicación no Exercicio 2011.

Tipo de Contrato	Obras	Servizos	Subministracións	Privados	Total
Procedemento Aberto	3	9	7	0	19
Procedemento Negociado	4	7	12	0	23

Total	7	16	19	0	42
--------------	---	----	----	---	----

A información anterior complementábase cos datos económicos contidos no cadro 32.

Cadro 32. Resumo por tipo, importes e ratios principais

Tipo de Contrato	Obras	Servizos	Subministracións	Total
Importe de Licitación	8.254.562	1.396.843	2.295.290	11.946.695
Importe de Adxudicación	6.242.425	1.331.363	2.201.184	9.774.972
Diferenzas (valor absoluto)	-2.012.137	-65.480	-94.106	-2.171.723
Diferenzas (porcentuais)	-24,38%	-4,69%	-4,10%	-18,18%

No cadro anterior obsérvase que as baixas producidas acadaron un importe de 2.171.723€, un 18,18% porcentual verbo dos importes de licitación.